

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

Hoxe, 11 de febreiro o Parlamento Galego asistía a unha escena certamente bochornosa, unha vez máis o PP vetaba unha iniciativa de AGE para que a sanidade atendese ós enfermos de Hepatite C, cos novos medicamentos que son a solución definitiva da enfermidade en máis de un 95% dos casos. Xa nas primeiras horas tódalas rotativas e xornais dixitais recollían esta nova, pero sobre todo a expulsión dos afectados do hemiciclo, algún deles afirmou que “so lles quedaba morrer”, namentres a web da TVG recollía entre as novas de Sanidade dúas novas propagandísticas do PP e da monarquía con este titulares “o Rei apela á responsabilidade de todos para reducir as lesións medulares“ e outra que dicía “bota a andar un programa dirixido a nais novas con cancro de pulmón”

Polo tanto **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

Entenden os responsables do ente público que pode silenciarse de forma tan bochornosa a reivindicación no pleno duns cidadáns que piden simplemente dereito a vivir namentres se utiliza este medio público para facer publicidade “barata” do partido do Goberno?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2015.



Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 11/02/2015 17:07:19